

**INSTRUCCIÓN 16/ 2021, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, POLA QUE SE DECLARAN EXPRESAMENTE SEN EFECTOS A INSTRUCIÓN 4/2020, E CALQUERA OUTRA POSTERIOR, SOBRE MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE PERSOAL COMO CONSECUENCIA DA EPIDEMIA DO CORONAVIRUS COVID-19.**

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 12 de marzo de 2020, acordou adoptar medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. O Acordo foi publicado ese mesmo día no *Diario Oficial de Galicia*.

Sobre a base de que o ordenamento xurídico ordinario xa ampara aos órganos de dirección das institucións sanitarias para adoptar medidas excepcionais ante ese tipo de situacións, na instrución 4/2020 desta Xerencia, dese mesmo día 12 de marzo, incorporouse un elenco desas medidas dirixidas a garantir a dispoñibilidade dos recursos humanos necesarios para atender a carga asistencial (regras extraordinarias en materia de selección temporal, mobilidade, limitacións de permisos ...) e habilitouse expresamente aos órganos directivos das institucións sanitarias para adoptalas en canto foran necesarias.

O día seguinte, 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta acordou declarar a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. O acordo foi publicado o día seguinte no *Diario Oficial de Galicia*.

Aquela instrución 4/2020 foi seguida doutras sobre a mesma materia, que incorporaron outras medidas sucesivas e excepcionais con base na normativa ditada polo Estado para desenvolver e aplicar o previsto nos reais decretos de declaración do estado de alarma.

Moitas das medidas previstas nas sucesivas instrucións, para ser utilizadas unicamente en caso de necesidade, estaban vinculadas ao estado de alarma e/ou xa se esgotaron coa súa propia execución. As demais foron perdendo virtualidade, progresivamente, pola propia evolución da epidemia na que se sustentaban.

O Consello da Xunta, precisamente pola evolución da epidemia, vén de declarar o 21 de outubro a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que a Consellería de Sanidade poida adoptar as medidas que sexan necesarias para a contención e control da pandemia (Acordo publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 203-Bis, do propio 21 de outubro).

Sendo así considérase que procede ditar unha instrución que deixe expresamente sen efecto a instrución 4/2020 e todas as posteriores que habilitaron a posibilidade de utilizar medidas extraordinarias en materia de persoal.

En consecuencia, con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, dítase a seguinte

## INSTRUCCIÓN

Con base na situación actual da epidemia do coronavirus COVID-19, e do Acordo do Consello da Xunta do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, decláranse expresamente sen efectos a instrución 4/2020, do 12 de marzo de 2020, sobre medidas en materia de persoal, e todas as posteriores que habilitaron a utilización de medidas extraordinarias en materia de persoal.

Santiago de Compostela na data que figura ao marxe

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias  
(Asinado dixitalmente)

Instrucción 16/21

